


FAME DE EXPERIENCIAS?



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

7 Festa do Requeixo e do Mel (As Neves)

Festa de Interese Turístico de Galicia, que ten lugar no mes de marzo, dedicada a unha sobremesa de longa tradición nesta localidade. A súa orixe sitúase no século XII e crese que era o alimento que se lle daba aos peregrinos.

ENCLAVES NATURAIS

11 Miradoiro do monte da Picaraña sobre o val do río Tea (Ponteareas)

Desde a cima, a 387 metros de altitude, obtense unha vista panorámica do val do río Tea e do castelo de Sobroso. Onde anteriormente había un castelo medieval levántase unha gran cruz que marca o final dun Vía Crucis.

Pesqueiras do río Miño (Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño)

É probable que as pesqueiras ou pescos que hai na beira do río Miño sexan de época romana. Conforman un patrimonio único que se segue utilizando e que consiste en construcións de pedra en forma de paralelepípedos que provocan correntes e facilitan a captura de distintas especies de peixes de río, fundamentalmente o salmón, a lamprea e a zamborca. Existe unha ruta sinalizada que percorre un pequeno tramo do río Miño con pesqueiras.

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

Termas de Salvaterra (Salvaterra de Miño)

Están situadas nunha ampla paraxe natural, contan con varias pozas termais ao aire libre. Recuperáronse unhas antigas termas recoñecidas polas propiedades curativas do manancial de Teáns.

Petróglifos de Gargamala (Mondariz)

Afloramientos graníticos con petróglifos, realizados hai 4.000 anos, con deseños cruciformes, zoomorfos, círculos concéntricos, figuras humanas...



Recinto amurallado de Salvaterra (Salvaterra de Miño)



Viño do Condado do Tea



Balneario, fontes de Mondariz e a seu contorno (Mondariz-Balneario)



FAME DE EXPERIENCIAS?



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrevete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

 Distintivo de Calidade SICTED: Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 02 O Condado

TERRA DE FRONTEIRAS, AUGA E HISTORIA



Festa do Requeixo e do Mel (As Neves)

FAME DE EXPERIENCIAS?



SABOREA A COMARCA DO CONDADO

TERRA DE FRONTEIRAS, AUGA E HISTORIA

Descubre a comarca do Condado, que discorre polas localidades das Neves, Salvaterra de Miño, Pontearreas, Mondariz e Mondariz-Balneario. Percorre o val do río Tea e os seus afluentes e coñece, a través dos seus museos e das súas paisaxes, a historia e a tradición desta terra.

Os petróglifos –gravados rupestres ao aire libre– salpican a paisaxe e son o testemuño das crenzas das comunidades da Idade do Bronce e do control do territorio, coma séculos máis tarde o foron os monumentais castros da Idade do Ferro, situados en lugares de dominio visual, ou os castelos medievais, que defenderon antigas fronteiras e que brindan imaxes tan emblemáticas coma a do imponente castelo de Sobroso.

O río Tea e os seus afluentes nacen bravos nos montes e as súas augas moveron antigos muiños que aínda subsisten en paraxes naturais dunha gran beleza. Ríos que tamén levan vida á comarca, desde a tradición da pesca da lamprea á fertilidade de hortas e viñedos cos que se elaboran excelentes viños.

Terra e auga mestúranse para crear mananciais que, desde a Antigüidade, persisten como lugares de saúde, reposo e goce. Baños termais en balnearios centenarios, coma o de Mondariz-Balneario, convidánnos a conciliar natureza, tradición e saúde nun contorno incomparable.




Castelo de Sobroso



Castelo de Sobroso - Centro de Recuperación de Cultura Popular



Museo da Ciencia e do Viño



- 1 - Pontearreas
- 2 - Mondariz-Balneario
- 3 - Mondariz
- 4 - As Neves
- 5 - Salvaterra de Miño




Rosquillas de Pontearreas



Balneario, fontes de Mondariz e a seu contorno (Mondariz-Balneario)

RUTA 02 O Condado

TERRA DE FRONTEIRAS, AUGA E HISTORIA



MUSEOS

5 Museo da Ciencia e do Viño

Situado no castelo de Salvaterra, difunde a tradición vitivinícola galega, en especial da D. O. Rías Baixas.

📍 Praza de la Constitución, 1, 36450 Salvaterra de Miño
T + 34 986 658 126

9 Centro de Interpretación do Patrimonio e local sociocultural de Taboexa

Descubre o patrimonio natural, histórico e arquitectónico da parroquia de Taboexa.

📍 Lugar de A Rata, Taboexa, 36440 As Neves
T +34 986 652 733 W www.asneves.gal

10 Museo Municipal de Pontearreas

Situado nunha antiga fábrica de curtidos, ofrece un percorrido pola historia da comarca, dá a coñecer os fillos ilustres do municipio, mostra a obra artística de autores locais e pon en valor a festividade de Corpus Christi, moi arraigada en Pontearreas.

📍 Rúa A Perillana, 36860 Pontearreas
T +34 986 660 765 / +34 986 661 429
W www.concellodepontearreas.org

12 Castelo de Sobroso - Centro de Recuperación de Cultura Popular

Situado en la cima del monte Landín, su origen se sitúa en el siglo XII aunque fue reconstruido en el siglo XIV como una de las fortificaciones más importantes de Galicia.

📍 Vilasobroso, 36879 Mondariz
T +34 986 654 305 / +34 986 804 100
W www.depo.gal/castelo-de-sobroso

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

6 Recinto amurallado de Salvaterra (Salvaterra de Miño)

Construción orixinaria da Idade Media, este recinto amurallado con distintas dependencias constitúe unha envexable atalaia sobre o río Miño.

13 Castro de Troña (Pontearreas)

Poboado da Idade do Ferro protexido por unha sólida muralla, un singular torreón, un foso escavado

na roca e varios parapetos. No seu interior recuperáronse máis de 30 vivendas. Consérvase un petróglifo que representa unha serpe e que a tradición popular denomina Serpe de Troña.

14 Golf Mondariz (Mondariz-Balneario)

O Balneario de Mondariz conta cun atractivo campo de golf de 18 buracos cun percorrido divertido e esixente, integrado nun contorno natural e que é todo un referente entre os campos de golf de Galicia.

15 Balneario, fontes de Mondariz e a seu contorno (Mondariz-Balneario)

Xa en época romana eran coñecidas as propiedades das fontes do lugar e no século XIX foron descubertas polo Dr. Peinador Vela, que construíu un dos balnearios de España de máis prestixio. Tamén innovou na comercialización de auga mineral envasada.

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

3 Festa do Viño do Condado do Tea (Salvaterra de Miño)

Festa de Interese Turístico de Galicia con máis de medio século de tradición, que ten lugar no mes de agosto e na que os viños de Salvaterra de Miño se acompañan da degustación doutros produtos da zona.

Poderás desgustar os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas, subzona do Condado do Tea en:

1 Bodegas La Val

📍 Lugar da Muguiña, Arantei, 36458 Salvaterra de Miño

2 Bodega María Bargiela

📍 Porto de abaixo, 10, 36453 Salvaterra de Miño

8 Bodegas Coto Redondo – Señorío de Rubiós

📍 Bouza do Rato, s/n, 36449 As Neves

4 Festa do Viño Espumoso (Salvaterra de Miño)

Festa gastronómica dedicada ao viño espumoso, unha produción singular elaborada maioritariamente con uva albariña e que pertence á Denominación de Orixe Rías Baixas. Ten lugar na primeira fin de semana de decembro.



Museo da Ciencia e do Viño



Castelo de Sobroso



Viño do Condado do Tea



Balneario, fontes de Mondariz e a seu contorno (Mondariz-Balneario)